

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E O CLÚSTER TIC DE GALICIA PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DIRECTOR DA INDUSTRIA DAS TIC

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial da Consellería de Economía e Industria, **DECLARA:**

Que a Consellería de Economía e Industria formalizou co Clúster TIC de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Instrumentar e regular as condicións específicas que rexerán entre a Consellería de Economía e Industria e o Clúster TIC de Galicia para o desenvolvemento das seguintes actividades:

1. Análise do ecosistema autonómico, nacional e internacional do sector da industria das TIC. Para levar a cabo esta actuación articularase un sistema de bases de datos con información de empresas, mercados e industrias a escala mundial para analizar as tendencias do sector TIC nos próximos anos.
2. Colaboración para elaborar o plan director da industria das TIC, en galego e castelán, e acompañamento ata a súa aprobación no Consello da Xunta. Esta actuación implica a realización dunha serie de tarefas:
  - Revisión e proposta de actualización dos apartados iniciais comúns a todos os plans directores.
  - Análise da parte sectorial do plan director da industria das TIC, caracterizando a situación actual do sector e perfilando as tendencias de proxección a futuro.
  - Organización de mesas e reunións con axentes sociais, empresas, entidades de referencia e asociacións sectoriais vinculadas coa industria das TIC. Os participantes serán propostos polo Clúster TIC e validados pola Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, que poderá solicitar, á súa vez, a participación doutras entidades de interese para o sector. Esta información será traballada de xeito que se traten as diferentes prioridades sectoriais definidas nos plans directores: internacionalización, sustentabilidade, dixitalización, competitividade e innovación, investimentos, persoas, e infraestruturas e solo.
  - Proposta de redacción do plan director, partindo da análise previa do sector e da información cualitativa xerada nas mesas de traballo e nas reunións con informantes clave. Nesta fase definiranse as prioridades sectoriais e a relación de medidas solicitadas desde o sector para facer fronte a estas necesidades.





- Preparación das mesas de traballo cos diferentes organismos da Xunta de Galicia con competencias en materias vinculadas coas medidas demandadas. Presentación de resultados, solicitude de información e integración desta nos apartados do plan que fan referencia á definición de medidas, fichas, e marco económico-financeiro asociado.
  - Revisión lingüística dos textos do plan director da industria das TIC en galego e castelán e da súa documentación asociada. Esta revisión incluírá revisión ortográfica e gramatical, revisión de linguaxe non sexista e corrección de estilo.
  - Maquetación do plan director da industria das TIC en galego e en castelán, seguindo a liña gráfica prefixada desde a Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético.
  - Traballos complementarios que deben realizarse para a aprobación do plan no Consello da Xunta de Galicia. Esta actuación supón a realización de tarefas como a preparación de documentos executivos, tratamento das alegacións e realización de memorias, e organización e preparación da información económica.
3. Investigación de instrumentos financeiros públicos, presentes e futuros, que apoiem a implementación das medidas recollidas no plan director. Esta tarefa debe realizarse paralelamente á elaboración do plan director para que poida ser presentado no momento en que se convoquen os grupos de traballo cos organismos da Xunta de Galicia competentes en materia industrial.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

O Clúster TIC de Galicia (en adiante Clúster TIC), é unha asociación sen ánimo de lucro que se constituíu o 31 de xaneiro do 2008 para reunir as empresas, asociacións empresariais, colexios, asociacións profesionais e outros axentes do macrosector das Tecnoloxías da Información e das comunicacións (TIC) da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desde a súa posta en marcha, o Clúster traballa para poñer en valor o macrosector TIC galego, impulsando a colaboración entre as empresas, aproveitando a capacidade tractora das máis grandes e a axilidade e a capacidade para a innovación das de menor tamaño.

Plenamente comprometido coa sociedade galega, a misión do Clúster TIC Galicia é xuntar, coordinar e dinamizar os esforzos para incrementar a competitividade, a innovación, a saída a novos mercados, e a cooperación coas administracións, empresas e institucións.



Que, en liña co desenvolvemento, promoción e coordinación da política industrial, promoveuse por parte da Consellería de Economía e Industria, en colaboración co Clúster TIC, a elaboración do plan director da Industria das TIC, sector declarado como estratéxico no Consello da Xunta de Galicia do 29 de febreiro do 2024.

A Consellería de Economía e Industria achegará para o financiamento do custo das accións previstas no presente convenio sesenta mil euros (**60.000 €**). Esta cantidade financiarase con cargo á aplicación orzamentaria, código de proxecto e anualidades seguintes:

<b>Código proxecto</b>	<b>Aplicación orzamentaria</b>	<b>2025</b>	<b>TOTAL</b>
2025 00078	09.02.732A.640.8	60.000 €	60.000 €

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura dixital

A directora xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial,

Margarita Ardao Rodríguez

